



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL.G:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS QUE PARTICIPARÁN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025 DA XUNTA DE GALICIA. (EXP. 2025/E001/000002)

EXPEDIENTE: 2025/G003/000572

ANTECEDENTES:

O Departamento Territorial na Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, comunicou a este concello, con data do 15-05-2025, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 49.806,00 euros para a contratación laboral temporal de 3 persoas desempregadas, a tempo completo, por un período de 9 meses, para a ocupación de peón/peoa, co obxecto de “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso”, empregando a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), ao abeiro da Orde de 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG núm. 50 do 13 de marzo de 2025. A dita resolución fixa como data límite para formalizar as contratacións o día 15 de xullo de 2025.

Na data do 04-06-2025 dítase providencia de Alcaldía na que se dispón o inicio do expediente para a selección de tres peóns/peoas forestais, realizando a selección na forma prevista no artigo 14 da orde da convocatoria do 5 de marzo de 2025 e a contratación segundo o establecido no seu artigo 15.

O 05-06-2025 o técnico de Medio Ambiente emite informe sobre a necesidade de proceder á dita contratación.

O 09-06-2025 o alcalde asina a proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, que establecen como sistema de selección o de oposición.

O 11-06-2025 a Secretaría municipal emite informe xurídico.

O 16-06-2025 a Intervención emite informe de fiscalización previa favorable (REF: MGM.16.06.25.1).

Pola resolución de Alcaldía núm. 495/2025, do 18 de xuño de 2025, aprobouse a convocatoria e as bases que han de rexer o procedemento selectivo para a contratación, en réxime laboral temporal, de tres peóns/peoas forestais, grupo de cotización 10, para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso”, publicándose o anuncio no BOP núm. 118 do 23 de xuño de 2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web municipal.

Con data do 24-06-2025 este concello presentou oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Carballo para cubrir estes postos de traballo, tal e como reflicte o artigo 14.4 da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que regula a subvención.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:G:MU2000/15

A Oficina de Emprego de Carballo remite o día 27-06-2025 unha listaxe de 15 persoas candidatas dispoñibles, que se axustan ao perfil profesional solicitado para esta oferta, co número de oferta **12-2025-6384**, na que figuran as seguintes persoas:

APELIDOS	NOME
REY VARELA	JOSE JESUS
PARGA POMBO	JOSHUA
RELLAN COUSILLAS	Mª GUADALUPE
VENTURA VIDAL	ERNESTO
RODRIGUEZ LAGE	ANA VANESSA
COLLAZO ROMAR	Mª TERESA
FERREIRO GONZALEZ	JOSE LUIS
POSE CALO	CARMEN
VIDAL RODRIGUEZ	Mª YOLANDA
RODRIGUEZ FERNANDEZ	ALBERTO
IGLESIAS LOPEZ	JESUS FRANCISCO
VIDAL VARELA	FLORINDA
FERNANDEZ MIRA	Mª ARGENTINA
POSE ANDRADE	JESUS
TRIGO CAMBON	DIEGO

Realizadas as comunicacións, por correo electrónico e por teléfono, ás persoas candidatas preseleccionadas pola Oficina de Emprego de Carballo e rematado o prazo de presentacións de instancias, emítese pola Secretaría o día 03-07-2025 certificado das solicitudes presentadas, constando as seguintes:

Número de registro	Fecha de registro	Interesados	DNI
202500000000782	30-06-2025	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**
202500000000783	30-06-2025	POSE ANDRADE, JESUS	***1159**
202500000000785	30-06-2025	FERNANDEZ MIRA, Mª ARGENTINA	***6725**
202500000000786	30-06-2025	IGLESIAS LOPEZ, JESUS FRANCISCO	***1251**
202500000000787	30-06-2025	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**
202500000000788	30-06-2025	POSE CALO, CARMEN	***6891**
202500000000789	30-06-2025	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**
202500000000791	01-07-2025	COLLAZO ROMAR, Mª TERESA	***1528**
202500000000792	01-07-2025	RELLAN COUSILLAS, Mª GUADALUPE	***3459**
202500000000793	01-07-2025	PARGA POMBO, JOSHUA	***4553**
202599900001078	02-07-2025	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**
202599900001084	02-07-2025	REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL.G:MU2000/15

Polo exposto, esta Alcaldía, de conformidade co establecido no art. 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar, de acordo coa base 7ª da convocatoria, a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que participarán no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de tres peóns/peoas forestais para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso”, ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) 2025.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
1	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	SI
2	POSE ANDRADE, JESUS	***1159**	NON
3	FERNANDEZ MIRA, Mª ARGENTINA	***6725**	NON
4	IGLESIAS LOPEZ, JESUS FRANCISCO	***1251**	NON
5	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	SI
6	POSE CALO, CARMEN	***6891**	NON
7	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	NON
8	COLLAZO ROMAR, Mª TERESA	***1528**	NON
9	RELLAN COUSILLAS, Mª GUADALUPE	***3459**	SI
10	PARGA POMBO, JOSHUA	***4553**	NON
11	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	NON
12	REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**	SI

*Os candidatos que non acreditaron o coñecemento da lingua galega, deberán realizar a proba correspondente, consonte establece a base décima, a cal ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Excluídos/as:

Ningún

Segundo: Outorgar ás persoas excluídas, así como ás omitidas na relación de admitidos, un prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>) para emendar a documentación necesaria para participar no proceso ou alegar o que se estime necesario, conforme ao disposto na base sétima.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:G:MU2000/15

No suposto de non presentarse alegacións contra a listaxe provisional, esta elevarase automaticamente a definitiva.

Terceiro: Nomear aos membros do tribunal cualificador que xulgará o procedemento selectivo consonte ao establecido nas bases sétima e oitava, e nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

PRESIDENTE/A:

- Titular: D^o. Rubén Pérez Cotelo, persoal laboral fixo, coordinador do GES
- Suplente: D^a. Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso

SECRETARIO/A:

- Titular: D^a. M^a José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso
- Suplente: D^a. Julia Ures Villar, funcionaria, normalizadora lingüística do Concello de Ponteceso

VOGAIS:

PRIMEIRO.

- Titular: D^o. Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso
- Suplente: D^o Juan José Pose Mouzo, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

SEGUNDO.

- Titular: M^a Isabel Amado Rodríguez, persoal laboral fixo, persoal do GES de Ponteceso
- Suplente: Ernesto Fernando Calvo Pérez, persoal laboral fixo, arquitecto técnico do Concello de Ponteceso

TERCEIRO.

- Titular: D^a. M^a José Fondo Balsas, funcionaria, policía local do Concello de Ponteceso
- Suplente: D^o Carlos Andrade Castro, funcionario, policía local do Concello de Ponteceso

A actuación do Tribunal deberá axustarse ás bases da convocatoria e estará facultada para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo, en todo o non previsto nestas normas.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nas bases e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal, no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Cuarto: Fixar a data de constitución do Tribunal para xulgar o procedemento selectivo e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos para a realización das probas correspondentes á fase de oposición, na data, lugar e hora seguintes:

-LUNS, 7 de xullo de 2025, na Biblioteca Pública Municipal, sita na Avda. Bergantiños de Ponteceso:

- Ás 10:30 horas: Constitución do Tribunal.
- Ás 10:40 horas: Realización polos aspirantes da proba práctica
- Ás 12:30 horas: Realización da proba de coñecemento da lingua galega polos aspirantes que non acreditaron estar en posesión do CELGA 1

Quinto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>) así como na páxina web e notificar en legal forma aos membros do tribunal.

Sexto: Dar conta ao Pleno desta resolución na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria

D. José Manuel Mato Martínez

D^a. Antía Pena Dorado